



VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

INFORME AO CLAUSTRO UNIVERSITARIO

Curso 2021-2022

VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

INFORME AO CLAUSTRO DA UNIVERSIDADE

CURSO 2021-2022

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En cumprimento do establecido no artigo 12 do Estatuto do valedor da Comunidade Universitaria preséntase ante o Claustro este informe da xestión realizada entre o 1 de setembro de 2021 e o 31 de xullo de 2022.

Artigo 12: *Do informe anual*

O valedor dará conta anualmente das súas actividades ao Claustro Universitario mediante un informe que incluírá as propostas de mellora que estime oportunas.

ÍNDICE

1.-	Funcionamento do Valedor.....	6
2.-	Actuacións.....	8
	2.1.- Consultas.....	8
	2.2.- Mediacións.....	8
	2.3.- Queixas.....	9
3.-	Conclusións.....	45
4.-	Referencias estatísticas.....	48

1.- FUNCIONAMENTO DO VALEDOR

Tal como ven sendo o funcionamento característico da institución, enfócase dende unha dobre perspectiva:

- supervisar a actuación da Universidade co fin de corrixir as posibles irregularidades, demoras ou silencios e todos os indicios de arbitrariedade nas actuacións dos órganos administrativos e docentes.
- cooperar cos órganos de goberno da Universidade na procura de solucións aos problemas expostos mediante a aportación de suxestións e recomendacións debidamente razoadas. As solucións que se propoñan axudarán a que a Autoridade Universitaria non se manteña encorsetada na normativa actual, senón que dentro do respecto aos Estatutos a revise e se interese tanto na renovación dos regulamentos como na súa prudente interpretación.

Como formas de traballo séguense mantendo as habituais indicadas nos anteriores informes:

- *consulta diaria*, un traballo de información e orientación.

- *intervencións*, actuacións que se resolven sen necesitar ditame nin recomendación por escrito, mediante xestións persoais ou telefónicas diante dos órganos ou servizos obxecto da queixa.

- *expedientes*, naqueles casos que a súa complexidade obriga a solicitar informes e pedir ditames e que poden rematar cunha recomendación á correspondente autoridade académica.

- *mediacións*, ou actuacións solicitadas por un membro da comunidade universitaria, un colectivo ou a mesma autoridade universitaria.

No labor diario, constátase que a consulta persoal, por correo electrónico ou telefónica, que non necesariamente dá lugar á presentación dunha queixa, é a forma máis frecuente en que os membros da comunidade universitaria, principalmente os e as estudantes, se dirixen ao Valedor. A maioría destas consultas teñen como obxecto recadar información sobre dereitos e sobre o procedemento a seguir para reclamar o respecto dos mesmos.



VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

Curso 2021-2022

2.- ACTUACIONES

2.1.- CONSULTAS

Ás veces os membros da comunidade universitaria fan chegar comunicacións fundamentalmente por medios telefónicos ou telemáticos que, por diferentes motivos, non adoitan traducirse na presentación dunha queixa. Trátase neste caso de solicitudes de axuda, consello ou demanda de información con vistas a levar a cabo algún tipo de actuación.

No presente curso recibíronse 68 consultas. A temática nun 64,71% relacionouse con aspectos docentes e de avaliación ou con cuestións relativas a procedementos de xestión. No primeiro caso foron 31 consultas, é dicir, un 45,6% e no segundo 13, o que supón un 19,11%. Cunha incidencia moito menor (4,41%) aparece o tema de servizos e por último cun 30,88% unha serie de consultas na que se observa unha grande variabilidade na súa temática que fan que sexa imposible clasificalas nunha única categoría. Se cabe pódese salientar algún tema como: acoso, aprobado por compensación ou acreditación de idioma sobre os que se ten producido máis dunha consulta.

2.2.- MEDIACIONES

M-2021/01

Mediación efectuada ante a presentación de distintos escritos por parte de alumnas descontentas co centro que lles fora asignado para a realización do Practicum.

Dende o Centro remitiron un informe detallado dos motivos da exclusión de cada alumna para o centro que solicitaban ou dos trámites que debían realizar ao respecto, así como a comunicación de que a unha se lle estimara a adxudicación do destino solicitado no recurso de reposición.

M-2021/02

Escrito enviado por unha alumna en relación cos criterios de avaliación dunha materia e as súas circunstancias de saúde e persoais. Solicitaba unha mediación coa profesora na procura dunha solución que tivera en conta as especiais circunstancias que concorren na alumna.

No informe recibido dende o Centro informaban que a materia é eminentemente práctica e que se traballa na aula de forma guiada polos docentes. A alumna non asistira a ningunha das sesións de aula da materia nin puxo en coñecemento das profesoras en ningún momento a necesidade dunha adaptación, nin solicitou unha tutoría para valorar cos docentes a necesidade e posibilidade de adaptación da proposta formativa de forma individualizada. O programa da materia establece as condicións para acadar unha avaliación positiva e estas son de aplicación para todo o alumnado. Así pois, a alumna non asumiu ningunha responsabilidade activa no

proceso formativo e non cumpriu ningunha das condicións establecidas no programa, polo que non procedía procurar unha solución posterior.

M-2021/03

Profesora que solicita a intervención do Valedor ante uns feitos acontecidos nun exame cunha alumna pola negativa ao uso do cubre bocas por parte da mesma. A alumna tiña, asemade, presentado unha queixa na OAR. Das actuacións practicadas, despréndese que o incidente non tivo máis consideración que un feito illado sen máis importancia.

M-2021/04

Estudante que ten problemas para o recoñecemento nun Grao da USC dos estudos cursados en Brasil.

Fixéronse xestións ante o Servizo de Xestión Académica que analizou o tema aportando unha solución satisfactoria para o problema exposto pola alumna.

2.3.- QUEIXAS

Q 2109/01

Foron presentados dous escritos por alumnas dun Grao motivados pola redución ao 50% das horas lectivas das materias de prácticas.

O informe elaborado ao respecto polo decanato da Facultade viña a referir que “tanto a organización das prácticas como o número de alumnos que poden facer as mesmas é unha variable que depende fundamentalmente da situación de pandemia.”

Q 2109/02

Escrito presentado por unha alumna en relación coa exención de prezos de matrícula por discapacidade.

Solicitouse informe do que se desprende que a alumna requiría a devolución dos prezos públicos do curso anterior e que lle foi denegado ao desestimar o recurso de reposición que tiña presentado.

Q 2109/03

Foi presentado un escrito por unha alumna dun grao motivado pola esixencia nuns prazos exiguos da realización dunha proba PCR aos alumnos que se incorporen á docencia das materias de prácticas.

No informe solicitado o decanato xustificaba o seguinte:

“Respecto a esta queixa, agradezo a alta opinión que teñen do Decanato, debido a que asumen que somos nós os organizadores de toda esta complexa actividade. Como é lóxico o Decanato elabora as listas, pásallas ao SERGAS, que é o que inicia o procedemento administrativo e é quen decide cando se fai a PCR. Tentamos solucionar os problemas, coordinarnos o mellor posible, pero débese entender que este é un proceso moi complicado, e que neses procesos complicados, hai incidente e erros, por todas partes. Pensar que todos coñecemos a realización das PCR nos centros de saúde, é na miña opinión excesivamente optimista. Non quero finalizar esta contestación, sen deixar por escrito o noso agradecemento ao SERGAS. É evidente que non poden solucionar todo, pero a súa implicación e eficacia está a ser modélica polo que o noso agradecemento incluíndo o do os alumnos é eterno.”

Q 2109/04

Queixa presentada por un alumno en relación coa demora de recoñecemento de estudos cursados noutra universidade española.

Deuse traslado ao decanato instándolle a que se axilizara o procedemento para a consideración dos recoñecementos solicitados polo alumno.

Q 2109/05 - Recomendación

Foron presentados escritos por estudantes dun grao dando conta da denegación de solicitudes de cambio de quenda motivadas por incompatibilidade de estudos e traballo laboral, conciliación da vida familiar para coidado de dependentes e por coincidencia horaria en materias de dous cursos consecutivos.

En relación con esta materia e tomando como base o establecido no artigo 8 c) do Real Decreto 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o *Estatuto del Estudiante Universitario* os *Estatutos da USC* recollen:

Artigo 33. Son dereitos específicos do estudantado:

l) Escoller grupo de docencia, de forma que poida conciliar a súa formación con outras actividades profesionais, extraacadémicas ou familiares, e especificamente para o exercicio dos dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero e para outros casos debidamente xustificadas.

Por outra banda, a *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións*, indica ao respecto:

Artigo 19. Cambio de grupo. O Consello de Goberno aprobará unha normativa xeral sobre cambio de grupo. Entrementres, os centros establecerán os criterios tanto para a asignación como para o cambio de grupo.

Así pois, corresponde aos centros establecer os criterios para o cambio de grupo. Nese senso con data 9 de xullo de 2021, a Sra. decana da Facultade ditou Resolución de asignación e cambio de grupo, cuxo artigo 4, dispón:

Cuarto.- Solicitudes de cambio de grupo

1.- Os/as alumnos/as matriculados/as na titulación de graduado, que reúnan algún dos requisitos previstos no apartado 3, poden pedir o cambio do grupo que lles corresponda, a outro.../

3.- O cambio de grupo poderá concederse cando se acredite a concorrencia dalgunha das causas seguintes:

- (i) Cando existan motivos de incompatibilidade horaria con actividades laborais, ou formativas, debidamente acreditadas por medios documentais.
- (ii) Cando concorran motivos debidamente acreditados documentalmente de conciliación familiar.
- (iii) Cando se trate de alumnos do dobre itinerario.
- (iv) Cando haxa incompatibilidade horaria con outra/s materia/s das que o/a alumno/a estea matriculado na titulación. Neste caso é imprescindible especificar a materia ou materias incompatibles en horario, expresando o nome, código, curso e grupo.
- (v) Cando se trate de alumnos de programas de intercambio.
- (vi) Cando se trate de vítimas de violencia de xénero ou vítimas de atentados terroristas, e que esa condición sexa debidamente acreditada por medios documentais.

4.- Excepcionalmente por mor das especiais circunstancias nas que nos atopamos derivadas da pandemia do COVID-19 as solicitudes amparadas nos supostos previstos nos apartados a), b) e d) poderán ser denegadas nalgunha/s materia/s ou ben pola necesidade de manter o equilibrio numérico na composición dos grupos de docencia dun mesmo curso.

Obsérvase que no apartado 4 da anterior resolución decanal establécese a posible denegación das solicitudes amparadas nos supostos a), b) e d), entrando en contradición co establecido na normativa indicada que recolle explicitamente o dereito a escoller grupo de docencia nos supostos da posibilidade de conciliar a formación con actividades profesionais, extraacadémicas ou familiares.

Asemade, na actualidade e segundo a *Resolución Reitoral do 29 de outubro de 2021 pola que se modifican as medidas fronte á covid-19 para o curso 2021-2022: "poderase empregar a capacidade total das aulas"*, o que supón a eliminación das restricións derivadas da pandemia.

Atendendo a estas consideracións, recomendo que se estableza unha nova convocatoria no segundo semestre para solicitudes de cambio de grupo para os alumnos do Grao que permita a asignación de grupo en igualdade de oportunidades para todo o alumnado.

Dende o decanato informan da boa aceptación da recomendación efectuada procedendo á apertura dunha nova convocatoria.

Q 2109/06

Foi presentado un escrito por unha estudante, motivado polo sistema de acceso á Universidade cando se acredita simultaneamente dobre vía mediante unha cualificación ABAU e a obtida nun ciclo de FP.

Informámoslle que demos traslado da mesma á *Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG)*, dende onde comunican que teñen adoptado a oportuna resolución ao respecto e que lle foi remitida por correo electrónico.

Á vista do indicado nos anteriores informes, comunícaselle que se procede ao remate da tramitación da presente queixa e ao seu arquivo.

Q 2109/07

Foi presentado un escrito por un estudante de doutorado motivado pola resolución da USC que implica a baixa no doutoramento.

Comunicóuselle a recepción do seu escrito nesta Institución informándolle que o mesmo non pode ser admitido a trámite como unha queixa ao non apreciar que se teña conculcado ningún dos seus dereitos, senón máis ben unha falla de cumprimento pola súa parte dos requisitos e normativa establecida na Universidade de Santiago de Compostela que concluíron coa baixa definitiva como alumno do programa de doutoramento.

Q 2109/08

Escrito presentado por unha alumna motivado pola demora na resolución de recoñecementos de estudos entre dúas titulacións da USC.

Resolta de xeito análogo á queixa Q2109/04.

Q 2109/09 - Recomendación

Queixa análoga á Q2109/05 e motivada pola denegación do cambio de quenda ao alumnado.

Q 2109/10

Foi presentado un escrito por unha alumna dun Grao en proceso de extinción ao non ter acceso aos materiais docentes de catro materias nas que se matricula por primeira vez, nas que non ten dereito a docencia ao terse implantado o novo plano de estudos.

Dáse traslado da problemática á Secretaría Xeral, dende onde comunican que nos citados estudos van analizar a situación de cada un dos alumnos do plano vello para procurar a mellor solución individual, que no caso da alumna presentadora da queixa pasa pola adaptación ao plano novo, co que xa tería acceso ao material docente e se lle recoñecerían a totalidade das materias cursadas no curso anterior.

Q 2110/01

Foi presentado un escrito polo representante do alumnado de segundo curso dun Grao expoñendo deficiencias na docencia respecto a instalacións deportivas, profesorado e compatibilidade de horarios en determinadas materias.

Dáselles traslado aos estudantes do informe do decanato no que expón as distintas actuacións que se están a desenvolver para resolver as deficiencias detectadas e se lles comunica que temos informado ao respecto á Sra. vicerreitora de Coordinación do Campus de Lugo co fin de intentar acelerar os procesos obxecto da queixa.

Q 2110/02 - Recomendación

Foi presentado un escrito nesta Institución relativo á convocatoria de *Ayudas María Zambrano para la atracción de talento internacional* no que se pon de manifesto que se teñen producido presuntas irregularidades no procedemento de admisión de candidatos, ao estar nese momento unha das admitidas desenvolvendo ou seu labor nun centro nacional.

A Orden UNI/551/2021, de 26 de mayo, por la que se conceden las subvenciones previstas en el Real Decreto 289/2021, de 20 de abril, por el que se regula la concesión directa de subvenciones a universidades públicas para la recualificación del sistema universitario español, recolle ao respecto:

Segunda. Modalidades.

C. Ayudas María Zambrano para la atracción de talento internacional:

d) A las personas candidatas se les exigirá el cumplimiento de los siguientes requisitos:

i. En el momento de formular la solicitud, estar desarrollando proyectos de investigación, y/o impartiendo docencia en universidades, centros de investigación u organismos situados fuera de España.

O informe solicitado a esa Vicerreitoría, indicaba o seguinte:

1. Que a resolución do 1 de xullo de 2021 da universidade de Santiago de Compostela pola que se convocan axudas para a recualificación do sistema universitario español para 2021-2023 establece que o proceso de admisión da persoas candidatas das axudas da modalidade María Zambrano é o seguinte:

3. Ayudas María Zambrano para la atracción de talento internacional

i. Ser personal docente e investigador, de nacionalidad española o de otro país, con una trayectoria posdoctoral acumulada no inferior a veinticuatro meses en universidades y/o centros de investigación españoles o situados fuera de España diferentes al de la defensa de la tesis doctoral.

ii. Estar desarrollando, en el momento de formular la solicitud, proyectos de investigación y/o impartiendo docencia en universidades, centros de investigación u organismos situados fuera de España

iii. Justificar el impacto de su incorporación en la recualificación del equipo.

2. Que revisada o proceso de admisión da candidata, en relación ao apartado indicado anteriormente,

a) Cumpre o requisito de ser persoal docente e investigadora de nacionalidade española.

b) Estar desenvolvendo no momento de formular a súa solicitude proxectos de investigación con organismos de fora de España. Achega un certificado da University of South Florida dos Estados Unidos de estar participando nun proxecto de investigación de data de 26 de xullo de 2021.

c) A persoa solicitante no momento de realizar a súa solicitude, declara que os datos consignados nela son certos, e que reúne as condicións esixidas para o ingreso na función pública e especialmente os requisitos sinalados por esta convocatoria. A súa xustificación relativa ao impacto da súa incorporación na recualificación do equipo esta avaliada positivamente pola comisión de avaliación.

Á vista da documentación analizada na tramitación da presente queixa conséntase a existencia de ambigüidade dos requisitos esixidos ás persoas candidatas, en concreto no referido á necesidade de residir no estranxeiro.

Mentres na normativa (Decreto 289/2021, de 20 de abril; Orde UNI/551/2021, de 26 de maio e a resolución do 1 de xullo de 2021 da USC) non se recolle esa esixencia de xeito explícito, no documento de “*Preguntas frecuentes*” do 23/11/2021 elaborado polo Ministerio de Universidades en resposta ás cuestións formuladas polas universidades establécese de modo explícito o seguinte:

“.../ el requisito de estar desarrollando proyectos de investigación y/o impartiendo docencia en universidades, centros de investigación u organismos situados fuera de España en el momento de formular la solicitud, **siendo necesario residir en el país donde se ubica la universidad o el centro de investigación de origen.**”

Ademais, algunhas características da convocatoria recollen elementos que inducen a concluír que a intención do lexislador é a esixencia do requisito de residencia no estranxeiro, como poden ser:

- A propia denominación das axudas: *Ayudas María Zambrano para la atracción de talento internacional*
- Que na resolución do 1 de xullo de 2021 da USC aparece recollido no apartado 6.3h): a obrigatoriedade de presentar certificado do seu centro de orixe no que se indique a súa vinculación actual cunha universidade ou centro de investigación estranxeiro
- Que contemplan o pagamento dun pago único de como máximo 3.500 euros en concepto de gastos de traslado.

Así pois, para evitar posibles interpretacións erróneas e eliminar a ambigüidade recomendo que:

- Se fagan as xestións oportunas diante do Ministerio de Universidades para que nas vindeiras convocatorias se explicita no texto, se fose o caso, a necesidade de residir no estranxeiro.
- No caso de convocatorias análogas efectuadas pola USC, se faga constar de xeito inequívoco o requisito de residencia no estranxeiro.

Con posterioridade, a Vicerreitoría de Investigación e Innovación manifesta a aceptación da recomendación e que en consecuencia procederá a tela en conta en futuras convocatorias.

Q 2110/03

Foi presentado un escrito por unha alumna dun Máster referido ao procedemento de escolla e asignación de titores e temática dos Traballos de Fin de Máster (TFM)

No informe solicitado a Sra. Coordinadora do Máster xustifica o seguinte:

- “1. Con data 15 de xullo de 2021 a comisión do título revisa na súa sesión ordinaria o procedemento de asignación da persoa que vai titorizar o Traballo de Fin de Máster e acorda que estará guiado polos seguintes criterios: a nota de acceso ao Máster e as preferencias expresadas polos estudantes na solicitude dirixida á coordinación do máster. O alumnado poderá elixir as súas preferencias para a titorización do Traballo Fin de Máster entre o profesorado con encargo lectivo na súa especialidade No caso de que as prazas ofertadas polo profesorado de cada especialidade non sexan suficientes para cubrir as solicitudes presentadas polo alumnado das mesmas, abrirase unha nova escolla entre o resto de docentes do máster con prazas vacantes. Con data 17 de setembro de 2021 a comisión do título aproba na súa sesión ordinaria a Guía do Traballo de Fin de Máster para o curso 2021-2022 especificando que O alumnado poderá elixir as súas preferencias para a titorización do TFM (Formulario I:

alumnado de novo ingreso ou Formulario II: alumnado repetidor) entre o profesorado con encargo lectivo en calquera dos módulos da especialidade

2. Con data 27 de setembro de 2021 a coordinación traslada ao alumnado as liñas temáticas -profesorado, área de coñecemento e prazas ofertadas- que poden ser abordadas nos TFM do curso 2021-2022.
3. Con data 1 de outubro de 2021 a coordinación traslada novamente ao alumnado esta mesma información pero organizada por especialidades para facilitar a súa escolla.

Por todo o exposto, a coordinación do máster entende que non procede modificar o procedemento de escolla e asignación de titor/a de TFM aprobado pola comisión do título para o curso 2021-2022 no senso sinalado pola alumna na súa queixa, para poder axustarse aos prazos aprobados por este órgano colexiado, se ben presentará ante a comisión a posibilidade de revisar o proceso para a seguinte edición do máster.”

Q 2110/04 - Recomendación

Foi presentado un escrito por unha alumna dun Grao, motivado polo procedemento seguido para a escolla e asignación de titores e liñas temáticas dos TFG. No escrito expoñía que tiña que asistir presencial ou telematicamente a un acto de asignación de titores e temas para o TFG ao que non pode acudir por mor do seu traballo, polo que ten concedida dispensa de asistencia á clase.

Admitida a queixa a trámite solicitouse o oportuno informe, no que o Sr. decano xustifica o seguinte:

1. “A reclamante contactou co Vicedecano de Asuntos Académicos, varias veces e recibiu explicacións sobre o proceso de elección de TFG’s e as opcións posibles. Tamén se lle informou da posibilidade de expedir un xustificante oficial, como os que se fan nos exames.
2. Tódolos traballadores teñen dereito a dispensa por motivos académicos. O acto de asignación de TFG’s, polo seu alcance, ten o rango de un exame e o Vicedecano de Asuntos Académicos, informa que a dispensa concedida refírese exclusivamente á asistencia a clase, sen incluír o TFG que é unha materia, pero non ten aulas propiamente ditas. Se é convocada a un exame, ou é convocada a un acto académico formal como é o de asignación de TFG, non está dispensada de asistir.
3. O argumento do segundo parágrafo é en sentido inverso. Nós xa sabemos que ela traballa, somos nós os que podemos/debemos xustificar a súa ausencia do seu posto de traballo por motivos académicos.
4. A maiores se lle ofertou a posibilidade de seguir a reunión coa ferramenta Teams e ela tamén manifestou que non podía.
5. A opción última para as persoas que non asistiron é escoller entre a oferta que queda dispoñible, cousa que ela fixo.

Agradecemos a consideración que manifesta a reclamante sobre un procedemento que vimos de inaugurar e sen dúbida precisamos retocar e no sucesivo teremos en conta esta e outras incidencias. En todo caso, nun procedemento que atinxe a cento once persoas

convocadas para un acto conxunto é practicamente imposible satisfacer a totalidade dos implicados como sería o ideal”.

Á vista do expresado no anterior informe e aínda que no punto 5 se indica que a alumna xa ten escollido tema e titor para o seu TFG, é preciso facer as seguintes consideracións:

O “*acto de asignación de TFG's*” obviamente é un acto académico, como moitas outras actividades que se desenvolven na Universidade, máis en ningún caso reúne as características propias dunha proba de avaliación polo que non pode ser considerado como un exame. Ademais indicar que se fose considerado como un exame estaría incumprindo a *Normativa de Avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións* que no seu *Artigo 1. Programación docente* establece no apartado 7:

En todo caso, os horarios, as datas de exames e a programación das materias serán publicados antes do 30 de maio ou do prazo establecido para o inicio do período de matrícula do curso académico.

Por outra banda, o Estatuto dos Traballadores recolle o seguinte:

Artículo 23. Promoción y formación profesional en el trabajo.

1. El trabajador tendrá derecho:

a) Al disfrute de los permisos necesarios para concurrir a exámenes, así como a una preferencia a elegir turno de trabajo y a acceder al trabajo a distancia, si tal es el régimen instaurado en la empresa, y el puesto o funciones son compatibles con esta forma de realización del trabajo, cuando curse con regularidad estudios para la obtención de un título académico o profesional.

Así pois, o permiso no traballo ao que ten dereito o traballador só é posible para a concorrencia a exames.

Atendendo a estas consideracións e ao recollido no último parágrafo do seu escrito, recomendo que se estude a posibilidade de métodos alternativos ao presencial/ telemático que sexan compatibles co traballo e que garantan a asignación de TFG en igualdade de oportunidades para todo o alumnado.

O decanato comprometeuse ao estudo do expresado na anterior recomendación.

Q 2110/05 - Recomendación

Foi presentado un escrito por unha alumna dun Grao motivado pola imposibilidade de desenvolver a actividade académica do Prácticum I nunha aula hospitalaria.

No escrito expón o seguinte:

“Inicialmente, pasóusenos un documento o cal se chama "Protocolo Intercentros do Prácticum, no cal pon que os alumnos/as da miña titulación podemos optar a facer prácticas nunha aula

hospitalaria. O día 27 de setembro tivemos a primeira reunión de dito Prácticum, no cal non se nos comentou que non se podía ir a unha aula hospitalaria.

Admitida a queixa a trámite solicitouse o oportuno informe, remitindo a Sra. vicedecana da Facultade o seguinte:

“Que a Universidade de Santiago, e concretamente a Facultade, non dispón actualmente dun convenio que regule e legalice a relación para o desenvolvemento da actividade académica do Prácticum nunha aula hospitalaria.

Á vista da documentación referida á presente queixa:

- *Protocolo Intercentros do Prácticum*
- *Convenio de colaboración educativa entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega para a xestión do coñecemento en saúde e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de prácticas externas dos estudos oficiais de grao e máster universitario.*

É preciso facer as seguintes consideracións:

Aínda que non ten sentido expor aquí os argumentos, seguro que a Comunidade Universitaria estaría a favor de que as aulas hospitalarias son un centro oportuno para o desenvolvemento das estadias do prácticum para o alumnado das titulacións dos *Graos*

Por outra banda, o feito de que o alumnado teña acceso ao *Protocolo Intercentros do Prácticum* no que aparece recollida a posibilidade de desenvolver as prácticas nunha aula hospitalaria (apartado 6 e apartado 13.2) entra en contradición co recollido no *Convenio para a realización de prácticas externas entre a Consellería de Sanidade e a USC*, no que das titulacións que se imparten nese Centro só figura a de outro Grao, o que pode provocar confusións e xerar falsas expectativas ao alumnado.

Co fin de corrixir estas disfuncións, dado que o Convenio prevalece sobre o Protocolo, recomendo:

- Que se propoña a inclusión no citado Convenio das titulacións referidas obxecto da presente queixa.
- E, en tanto non se procede á modificación do Convenio, se corrixa o Protocolo no sentido de retirar a posibilidade de desenvolver as estadias de prácticas nas aulas hospitalarias.

Dende o vicedecanato competente manifestan a súa vontade de implementar as modificacións recollidas na presente recomendación.

Q 2110/06

Foi presentado un escrito por un colectivo de 18 persoas referido ao proceso de admisión nun Grao e solicitando que se adxudiquen a totalidade das prazas e non se deixen prazas vacantes.

Infórmaselles que o proceso de admisión nas Universidades do Sistema Universitario de Galicia está atribuído á Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG). Solicitada información ao respecto a dita Comisión comunicánnos con data do 14/10/2021 que están cubertas a totalidade das prazas ofertadas para ese Grao na USC (360 prazas) e que non se prevé que se produzan vacantes, nin a realización de novas convocatorias de matrícula, de acordo coa convocatoria de preinscrición da CiUG.

Q 2110/07

Recibiuse nesta Institución o escrito dun estudante referido a un proceso de revisión dunha cualificación.

Infórmaselle que o mesmo non pode ser admitido a trámite como unha queixa ao non apreciar que se estea a conculcar algún dos seus dereitos.

Nese sentido, é preciso indicar que no procedemento de revisión da cualificación tense seguido a normativa da que se ten dotado a Universidade de Santiago de Compostela para o proceso de revisión de cualificacións: *artigo. 9 da Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións*, aprobada no Consello de Goberno do 15 de xuño de 2011

Por outra banda, indícaselle que o Valedor non pode entrar na valoración de cuestións técnicas sobre a avaliación da materia.

Q 2110/08

Foi presentado un escrito por unha alumna *do Máster Universitario* motivado polo proceso de asignación de titor do Traballo Fin de Máster. No escrito expón o seguinte:

“Con data 08/10/21 dende a coordinación do Máster enviánnos un aviso da listaxe provisional de asignación de titor do TFM, onde eu teño un titor asignado. Na listaxe definitiva do venres 22/10/21, aparezo sen asignación de titor. Ó preguntar á coordinación por este inconveniente, explícanme que na primeira listaxe, por culpa dun erro informático, a asignación é errónea, e que ó non cubrir de todo a lista de titores, agora estou sen asignación; enviaron máis listaxes provisionais ata a definitiva, pero en ningún momento avisaron do erro informático para que estiveramos pendentes as persoas afectadas. A solución que me propoñen agora, é escoller vía correo electrónico un titor/departamento, que nin sequera pertencen á miña especialidade, e esperar a que a Comisión do Título o aprrobe, a iso de mediados de novembro, coa redución de tempo de elaboración de TFM que iso supón se unha pretende expoñelo en febreiro. Entendo que o mestrado non ten que andar detrás do alumnado para ningún tipo de solicitude, sen embargo, tampouco fomos avisados de ningún tipo de problema informático nin nada polo estilo que puidera afectarnos negativamente, como é o meu caso. “

No informe solicitado, a Sra. Coordinadora do Máster xustifica o seguinte:

1. “Con data 15 de xullo de 2021 a comisión do título revisa na súa sesión ordinaria o procedemento de escolla e asignación da persoa que vai titorizar o Traballo de Fin de Máster e acorda que:

*Estará guiado polos seguintes criterios: a nota de acceso ao Máster e as preferencias expresadas polos estudantes na solicitude dirixida á coordinación do máster. **O alumnado poderá elixir as súas preferencias para a titorización do Traballo Fin de Máster entre o profesorado con encargo lectivo na súa especialidade.** No caso de que as prazas ofertadas polo profesorado de cada especialidade non sexan suficientes para cubrir as solicitudes presentadas polo alumnado das mesmas, abrirase unha nova escolla entre o resto de docentes do máster con prazas vacantes.*

2. Con data 17 de setembro de 2021 a comisión do título aproba na súa sesión ordinaria a Guía do Traballo de Fin de Máster para o curso 2021-2022, publicada no campus virtual, especificando o procedemento de escolla e asignación de titor/a como segue:

O alumnado poderá elixir as súas preferencias para a titorización do TFM (Formulario I: alumnado de novo ingreso ou Formulario II: alumnado repetidor) **entre o profesorado con encargo lectivo en calquera dos módulos da especialidade.** No caso de que non cheguen as prazas ofertadas polo profesorado de cada especialidade, abrirase unha nova escolla entre o profesorado do máster con prazas vacantes (Formulario III). Unha vez publicada a resolución provisional de asignación de titor/a o alumnado disporá de 5 días naturais para presentar reclamación, mediante escrito razoado, dirixido para o campus de Santiago á coordinación do Máster e para o campus de Lugo á coordinadora do Máster. **O alumnado que non cubrija en prazo a solicitude poderá facer unha nova solicitude** neste prazo, accedendo ás prazas non cubertas polo alumnado que fixo a súa solicitude en prazo.

3. Con data 8 de outubro de 2021 publícase na aula virtual da materia o listado provisional de asignación de titor/a de TFM no que figura un profesor como titor de TFM. Este mesmo día, dúas horas e media despois da súa publicación, detéctase un erro no listado provisional, do cal se da aviso inmediato ao alumnado a través da aula virtual comunicándolles que “detectado un erro na publicación provisional de asignación de titor/a infórmase que a subsanación publicarase o luns 11 de outubro a través da aula virtual de coordinación”.

4. Con data 11 de outubro de 2021 publícase o listado provisional subsanado no que a alumna aparece sen asignación, debido a que na súa solicitude de titor/a (Formulario I) podía indicar ata trece docentes por orden de preferencia e soamente indicou dous, os cales foron asignados a estudantes cunha nota de acceso superior, seguindo os criterios de asignación establecidos na Guía de TFM. Tras publicar dito listado provisional a coordinación do máster realiza un novo aviso ao alumnado na aula virtual co seguinte contido: “Infórmase que na aula virtual de coordinación está publicada a asignación provisional de titor/a de TFM e o enlace ao Formulario III (prazas vacantes) para o alumnado sen asignación que cubrija en prazo a solicitude”. A alumna non cubriu o Formulario III nin tampouco un novo Formulario IV de prazas vacantes aberto do 15 ao 19 de outubro, destinado ao alumnado que non presentara solicitude en prazo, motivo polo cal aparece sen asignación na Resolución Provisional de asignación de titor de TFM do 14 de outubro de 2021 e na Resolución Definitiva do 22 de outubro de 2021.

Por todo o exposto, a coordinación do máster entende que esta alumna non seguiu o procedemento de escolla de titor/a que recolle a Guía do TFM para o curso 2021-2022, polo que podería dirixir un escrito razoado á Comisión do Título para que este órgano colexiado analice e valore o seu caso en particular.”

Q 2110/09

Foi presentada unha queixa por un alumno motivada pola falla de resposta a unha solicitude de información relativa á resolución das *Bolsas colaboración USC-Banco Santander para formación complementaria*,

No informe solicitado ao Sr. vicerreitor de Investigación e Innovación xustificábase o seguinte:

- “1. Que con data 30 de outubro de 2020 publicouse a resolución definitiva de seleccionados para as bolsas de colaboración USC-Banco Santander na que foi seleccionado
2. Que con data 11/01/2021 se lle comunicou a incompatibilidade da Bolsa Colaboración Santander con calquera outra bolsa de iniciación á investigación.
3. Que con data 10/01/2022 manifesta o seu interese por confirmar a compatibilidade da bolsa de colaboración e do contrato que desenvolvía.
4. Que con data 13/04/2021, unha vez confirmada co Servizo de Persoal a contratación dentro da USC e a súa incompatibilidade con calquera Bolsa ou Contrato que se desenvolva na mesma institución se lle comunica ao interesado a devandita situación.
5. Que con data 07/09/2021, reitera a súa consulta relativa á compatibilidade da Bolsa de Colaboración e do seu contrato na USC que é respostada con data 16/09/2022 dende a Subárea de RRHH de investigación reiterando ao interesado a incompatibilidade da mesma coa súa contratación.

Tendo en conta o exposto entendemos que a situación de incompatibilidade da súa Bolsa de Colaboración e a súa contratación dentro da Universidade foi aclarada repetidamente ao interesado tanto por escrito como telefonicamente sen lugar a dúbida.”

Q 2111/01 - Recomendación

Queixa análoga ás Q2109/05 e Q2109/09 e motivada pola denegación do cambio de quenda ao alumnado.

Q 2111/02

Foi presentado un escrito por un alumno egresado dunha Facultade motivado pola composición do tribunal avaliador do seu Traxecto de Fin de Grao ao estar conformado por tres membros dunha área académica sen grao de afinidade coa área temática de elaboración do traballo.

No informe solicitado, a Sra. decana do centro indicaba:

O noso regulamento de TFG (aprobado en Consello de Goberno), establece no punto 14.4 que: “os membros do tribunal deberán ser profesores/as do Grao ou dalgunha das áreas que imparte docencia na titulación”.

A profesora non impartía docencia no Grao no curso académico 20-21, pero si pertencía a unha área que imparte docencia no dito grao, seguindo cos requirimentos da normativa. Ademais, un dos traballos a avaliar, pertencía a esta área de coñecemento.

A composición do tribunal orixinal cumpre co requirimento de que un dos membros pertenza á unha área de coñecemento afín ás liñas temáticas xerais dos traballos. É necesario sinalar que a natureza da titulación fai que sexa unha práctica habitual, necesaria e adecuada que os traballos sexan avaliados por membros de tribunais que pertencen a diferentes áreas consideradas afíns a efectos de avaliar os distintos TFG. Por exemplo, é común que un membro dunha área avalíe un traballo de outras áreas.

Asemade o alumno presenta unha queixa sobre a avaliación do TFG, sen seguir o procedemento establecido tanto na Instrución da Secretaría Xeral Nº 4, do 18 de novembro de 2011 sobre revisión de Traballos Fin de Grao e Máster (publicada o 21 de novembro de 2011), como no artigo 9 da Resolución do 15 de xuño do 2011 pola que se publica a Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións, aprobada no Consello de Goberno do 15 de xuño de 2011, (e modificada pola Resolución do 5 de abril de 2017, aprobada polo Consello de Goberno do 5 de abril de 2017).”

Q 2111/03

Foi presentado un escrito por un estudante dun *Grao* motivado pola posible irregularidade que se está a levar a cabo no marco dunha materia e que implica a realización das mesmas fóra dos períodos lectivos ordinarios.

Recibiuse un detallado informe do coordinador da materia, así como o da Facultade no que se expoñía que derivado da situación da pandemia tiveron que realizar modificacións organizativas no servizo onde se desenvolvían as prácticas de xeito que non se podían manter os períodos nos que se viñan realizando. Por outra banda, os docentes da materia consideraron que a adquisición das competencias nesta materia requiría dun tempo mínimo imprescindible polo que reorganizaron as prácticas para tentar garantir esas competencias, sen que fora posible reducir as mesmas.

Q 2112/01

Foi presentado un escrito por parte dunha persoa contratada con cargo ao capítulo VI, motivado pola súa exclusión na co-titorización dos Traballos de Fin de Grao e Fin de Máster (TFG/TFM). No escrito indica o seguinte:

“No Regulamento do Traballo de Fin de Grao, aprobado polo Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015, no apartado 1. II. Titorización dos TFGs recóllese: “Non poderán ser cotitores membros do persoal de administración e servizos, agás nos supostos de consideración como profesionais, nin o persoal contratado con cargo ao Capítulo VI, agás os que posúan titulación de máster ou equivalente”.

Son Doutora desde 2015 e actualmente estou contratada como Técnico Superior de Apoio á Investigación.

Dende o curso 2016/2017 fun co-titora de mais de 10 TFGs, 3 TFMs e actualmente co-dirixo unha Tese Doutoral.

O 9 de novembro de 2021, o SXOPRA indica ao decanato da Facultade que “Todo o persoal contratado con cargo ao Capítulo VI, no que o seu contrato non recolla a posibilidade de colaborar en docencia non pode cotitorizar TFG/TFM”. Nesa data, xa se fixera pública aos alumnos/as do Grao a listaxe de TFGs onde figura o meu nome como cotitora en 3 deles, e xa se levara a cabo a xornada de presentación aos alumnos/as na que participei presentando un deles.

O 11 de novembro de 2021 saíu publicada a adxudicación provisoria dos TFGs e, o 23 de novembro a listaxe definitiva, onde o meu nome segue constando como co-titora de 3 TFGs.

Tras comunicación telefónica co SXOPRA pola miña parte, indícaseme que neste curso non se me van contabilizar as horas dedicadas a eses 3 TFGs xa que “o Regulamento do centro está mal”. Ante a solicitude ao SXOPRA dun novo regulamento que anule o que actualmente está vixente (descrito no primeiro punto desta solicitude) a resposta foi “non hai ningún novo Regulamento”.

Consultado o meu caso particular no Decanato da Facultade, indícanme que tampouco van constar as miñas horas de dedicación aos 3 TFGs deste curso, xa que o SXOPRA non o permite.”

No informe solicitado a Sra. vicerreitora de Organización Académica indica o seguinte:

“O *Acordo sobre a clasificación profesional e as condicións retributivas do persoal investigador e do persoal de apoio á investigación*, aprobado polo Consello de Goberno do 24 de xullo de 2020 (DOG do 24 de novembro de 2020) establece as categorías profesionais do Persoal Investigador na USC no que diferencia tres subgrupos de conformidade cos criterios de formación, experiencia e responsabilidade. A súa disposición final establece que “... entrará en vigor no momento da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, agás o establecido en relación coa impartición de docencia do persoal investigador que entrará en vigor no momento da súa aprobación polo Claustro Universitario”. O *Acordo sobre colaboración na docencia do persoal investigador* aprobado polo Claustro Universitario do 2 de decembro de 2020 define o alcance da colaboración en tarefas docentes para as figuras que conforman a carreira investigadora na USC, e permite a entrada en vigor da disposición final anterior en todos o seu alcance.

Dado que a sesión do Claustro Universitario se celebrou o día 2 de decembro de 2020, a entrada en vigor máis inmediata correspondería ao inicio do segundo cuadrimestre do curso 2020-21. Tendo en conta que nese momento moitos centros tiñan xa elaborada a planificación dos Traballos Fin de Grao correspondentes aos dous cuadrimestres, pospúxose a súa entrada en vigor para o inicio do curso académico 2021-22.

Nunha interpretación probablemente demasiado estrita do acordo do Consello de Goberno citado, entendemos que o persoal técnico de apoio á investigación non podía participar en ningunha modalidade de docencia, e así foi comunicado polo SXOPRA aos centros que solicitaron esta información, entre eles a Facultade. Como consecuencia desta resposta, a Asemblea de Investigadoras de Compostela solicitou unha entrevista ás vicerreitorías de Investigación e Innovación e de Organización Académica que se celebrou o día 9 de decembro de 2021.

Como resultado, a partir dos acordos citados anteriormente, do *Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao e Fin de Máster na Universidade de Santiago de Compostela*, aprobado polo Consello de Goberno do 10 de marzo de 2016, e do *Regulamento de Planificación Académica da Universidade de Santiago de Compostela*, aprobado polo Consello de Goberno do 20 de decembro de 2019, configúrouse un modelo de participación na

docencia e na titorización ou cotitorización de Traballos Fin de Grao (TFG) e Fin de Máster (TFM) que deu lugar á *Instrución para regular a colaboración na docencia e na titorización ou cotitorización de TFG e TFM do persoal investigador e do persoal de administración e servizos da USC*, publicada conxuntamente polas vicerreitorías de Investigación e Innovación e de Organización Académica con data de 22 de decembro de 2021.”

Consultada a citada *Instrución para regular a colaboración na docencia e na titorización ou cotitorización de TFG e TFM* obsérvase que finalmente recolle o seguinte:

2. Persoal con contrato de obra e servizo (capítulo VI)

2.1. Persoal investigador colaborador

- a) Aos efectos de colaboración na docencia, este persoal será considerado como profesional e poderá colaborar en tarefas docentes (cotitorización de TFG e TFM), sempre que a colaboración non afecte á súa actividade principal e posúa unha titulación que se corresponda co nivel 3 (máster) do MECES.*
- b) Este persoal figurará unicamente no módulo de asignación de TFG e TFM, polo que non computará na capacidade docente do departamento que corresponda.*
- c) Certificaráselle a cotitorización dos traballos que corresponda.*

2.2. Persoal investigador asociado

- a) Aos efectos de colaboración na docencia, este persoal será considerado como profesional e poderá colaborar en tarefas docentes (cotitorización de TFG, TFG, prácticas externas e prácticum) sempre que a colaboración non afecte á súa actividade principal e posúa unha titulación que se corresponda co nivel 3 (máster) do MECES.*
- b) Este persoal figurará unicamente no módulo de asignación de TFG e TFM, polo que non computará na capacidade docente do departamento que corresponda.*
- c) Certificaráselle a cotitorización dos traballos que corresponda.*

2.3. Persoal técnico de apoio á investigación

- a) Aos efectos de colaboración na docencia, este persoal será considerado como profesional e poderá colaborar na cotitorización de TFG e TFM, sempre que a colaboración non afecte á súa actividade principal e posúa unha titulación que se corresponda co nivel 3 (máster) do MECES.*
- b) Este persoal figurará unicamente no módulo de asignación de TFG e TFM, polo que non computará na capacidade docente do departamento que corresponda.*
- c) Certificaráselle a cotitorización dos traballos que corresponda.*

Por iso, á vista do expresado anteriormente, comunícaselle que procedemos ao remate da tramitación da presente queixa e ao seu arquivo.

Q 2201/01

Foi presentado un escrito por unha alumna dun Máster motivado pola falla de concordancia entre o calendario para a presentación dos Traballos de Fin de Máster (TFM) e o previsible adianto da convocatoria de oposicións por parte da Xunta de Galicia, o que implicaría que non se puideran presentar ás mesmas.

No informe solicitado, a Sra. coordinadora do *Máster Universitario* expón o seguinte:

“1. Con data 9 de abril de 2021 a comisión do título aproba o cronograma xeral e horarios do máster para o curso 2021-2022.

2. Con data 20 de setembro de 2021 a comisión do título aproba a Guía do Traballo Fin de Máster para o curso 2021-2022, que recolle as cuestións específicas da materia (plan de continxencia, obxectivos, contidos, competencias, modalidades, titoría, asignación de tema e titor/a, depósito e defensa, avaliación, tempo de estudo e traballo persoal, características formais do traballo, matrícula, convocatorias e custodia do traballo) así como, a partir do cronograma xeral, o calendario relativo á titorización, depósito e defensa dos traballos para as oportunidades de febreiro, xullo e setembro,

3. Os calendarios e procesos académicos responden ás normas da institución e do centro, apróbanse para dar garantías a todo o alumnado e profesorado e en ningún caso as decisións puntuais da consellería de educación sobre a OPE deben alterar ou condicionar a programación académica. O calendario e a programación das defensas realízanse dentro da norma, dentro dos prazos e seguindo os procedementos do centro. Os calendarios de defensa afectan ao alumnado, afectan ao profesorado e ás súas posibilidades, e afectan tamén aos espazos e teñen unha razón de ser. Ademais, os calendarios de defensa están pensados non soamente para un título senón para todos os títulos do centro conxuntamente, coas implicacións e dificultades organizativas que isto comporta. Neste centro sempre se acompaña ao alumnado e se facilita no posible a conciliación con outros elementos que poidan xurdir, pero dentro do posible. E sempre cumprindo os prazos, as normas e respectando a todos os intervinentes.

Por todo o exposto, a coordinación do máster entende que o calendario de defensa do Traballo Fin de Máster non debe modificarse pola situación persoal exposta por esta alumna.”

Q 2202/01

Foi presentado un escrito por unha beneficiaria das *Axudas Margarita Salas para a formación de novos doutores* manifestando o seu desacougo pola falla de concreción do prazo de pagamento da cantidade de 2.500 € en concepto de gastos de traslado asociada a dito contrato.

Recibiuse o informe solicitado, no que o Sr. vicerreitor de Política Científica xustificaba o seguinte:

.../

2. Que a convocatoria Margarita Salas non establece un prazo concreto no que deban realizarse os pagamentos en concepto de instalación pero, non obstante, xestiónanse os devanditos pagos á maior celeridade posible en tódolos casos.

3. Que a razón fundamental na demora da tramitación destes pagamentos foi debida fundamentalmente a dúas causas que foron trasladadas de ser o caso a cada persoa interesada no procedemento :

- a. A necesaria recepción da certificación da incorporación no centro de destino
- b. O retraso da compañía aseguradora na emisión das facturas dos seguros asociados ás estadias. Este documento resultaba imprescindible para o cálculo do importe final que deberían recibir as persoas interesadas xa que este importe se detrae da contía total.

4. É preciso indicar que nestes momentos finalizouse o trámite de tódalas ordes de pagamento e que se fixeron as xestións oportunas co Servizo de Contratación desta Universidade co fin de solventar as incidencias vinculadas aos retrasos da compañía aseguradora.”

Por iso, á vista do expresado anteriormente, comunícaselle o remate da tramitación da queixa e o seu arquivo.

Q 2202/02

Foi presentado un escrito por unha beneficiaria das axudas para a recualificación do Sistema Universitario Español 2021-2023 na modalidade *Margarita Salas para a formación de novos doutores* manifestando a súa queixa ante a demora no pagamento en concepto de gastos de traslado asociado a ditas axudas.

En consonancia coa queixa anterior, dáselle traslado do informe xustificativo do Sr. vicerreitor de Política Científica.

Q 2202/03 - Recomendación

Foi presentado por unha alumna e admitido a trámite como unha queixa un escrito motivado polo consumo de tabaco na entrada e inmediación dunha Facultade que implica exposición ao fume e mesmo dificulta o acceso con normalidade ao edificio pola aglomeración de xente.

En relación co tema obxecto da queixa hai que sinalar que a *Ley 42/2010, de 30 de diciembre, por la que se modifica la Ley 28/2005, de 26 de diciembre, de medidas sanitarias frente al tabaquismo y reguladora de la venta, el suministro, el consumo y la publicidad de los productos del tabaco*, recolle o seguinte:

Artículo 7. Prohibición de fumar.

Se prohíbe fumar, además de en aquellos lugares o espacios definidos en la normativa de las Comunidades Autónomas, en:

d) Centros docentes y formativos, salvo en los espacios al aire libre de los centros universitarios y de los exclusivamente dedicados a la formación de adultos, siempre que no sean accesos inmediatos a los edificios o aceras circundantes.

s) Cualquier otro lugar en el que, por mandato de esta Ley o de otra norma o por decisión de su titular, se prohíba fumar

Por outra banda, como norma xeral, os accesos e entradas aos edificios nos *Plans de Autoprotección* dos centros, adoitan ser vías de circulación previstas para a evacuación en caso

de emerxencia, e deberán permanecer libres de obstáculos de forma que sexa posible utilizalas sen dificultades en todo momento.

Por todo o exposto anteriormente, recomendo que se adopten as medidas necesarias para prohibir a posibilidade de fumar nas entradas dos edificios da Universidade de Santiago de Compostela.

En relación coa anterior recomendación o Sr. xerente informou:

“Que esta Xerencia remitirá unha circular aos responsables dos Centros advertindo da necesidade do cumprimento do establecido no artigo 7 da Ley 28/2005, de 26 de diciembre, de medidas sanitarias frente al tabaquismo y reguladora de la venta, el suministro, el consumo y la publicidad de los productos del tabaco

“Artículo 7. Prohibición de fumar. Se prohíbe fumar, además de en aquellos lugares o espacios definidos en la normativa de las Comunidades Autónomas, en:

- a) Centros de trabajo públicos y privados, salvo en los espacios al aire libre.*
- b) Centros y dependencias de las Administraciones públicas y entidades de Derecho público.*
- c) Centros, servicios o establecimientos sanitarios, así como en los espacios al aire libre o cubiertos, comprendidos en sus recintos.*
- d) Centros docentes y formativos, salvo en los espacios al aire libre de los centros universitarios y de los exclusivamente dedicados a la formación de adultos, siempre que no sean accesos inmediatos a los edificios o aceras circundantes.”*

Q 2202/04

Foi presentado un escrito por un profesor expoñendo as dificultades para obter unha copia do regulamento de réxime interno vixente dun Departamento.

Feitas as comprobacións oportunas, verifícase que o acceso á web referenciada: <https://www.usc.gal/gl/normativa/regulamentos/index.html> non permite obter o documento obxecto da queixa, figurando o Regulamento do Departamento como: *(pendente de elaboración)*.

Así pois, solicitouse ao Sr. director do Departamento unha copia do vixente Regulamento de réxime interno, así como o correspondente informe respecto do acontecido, no que expoñía o seguinte:

“.../Como pode ver no escrito adxunto, que presentou o profesor neste Departamento, o que solicita non é exactamente o que lle indicou a Vde. Non solicita unha copia simple impresa ou electrónica, senón unha copia impresa e compulsada do RRI, sen indicar os efectos aos que precisa tales formalidades. Tal petición no puido ser atendida, porque o documento impreso oficial deste Regulamento é de tal antigüidade que, consultado o arquivo histórico do Departamento, no foi posible atopalo. Só constan libros de rexistro a partires do ano 1990.

Sendo estas as circunstancias, facilitóuselle ao Sr. a dirección da páxina web oficial da USC correspondente ao repositorio de RRI de centros, departamentos e institutos, de indudable carácter oficial a efectos internos da USC.

Sorprendentemente veño de comprobar o que Vde nos indica, de que o noso RRI non está dispoñible neste repositorio, incidencia que procedemos a poñer en coñecemento da Secretaria Xeral.

En todo caso, fágolle saber que, aínda que non dispoñemos de copia oficial impresa e rexistrada do RRI aprobado en 1987 pola entón Xunta de Goberno da USC, a copia electrónica está dispoñible na páxina web oficial do Departamento.”

Informe que se traslada ao presentador da queixa xunto coa copia do documento xa dispoñible na páxina web do Departamento.

Q 2203/01

Foi presentado un escrito por un membro do Persoal de Administración e Servizos no que solicitaba:

“Sexa anulada a Convocatoria de Concurso Específico publicada o 12 de Xaneiro de 2022, por defecto de forma e por vulnerar o dereito básico de igualdade entre todos os traballadores que forman parte do persoal laboral e funcionario da Universidade de Santiago”

Infórmase que o mesmo non pode ser admitido a trámite como unha queixa por entender que o solicitado excede do ámbito de competencias que ten atribuídas o Valedor da Universidade de Santiago de Compostela.

Por outra banda, indicábaselle que se apreciaba posibles defectos ou estaba descontento co expresado en dita Convocatoria, o procedemento acaído que debería ter seguido sería o establecido na base oitava da mesma:

OITAVA.- IMPUGNACIÓNS

Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer demanda no Xulgado do Social no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, ó abeiro do artigo 69 da Lei 36/2011 reguladora da Xurisdición Social. Non obstante poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que a ditou ó abeiro do art. 123 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Q 2203/02

Análoga á queixa anterior.

Foi presentado un escrito por unha estudante motivado pola non devolución dos prezos públicos de matrícula de materias do primeiro cuadrimestre das que se matriculou obrigatoriamente e que foron eliminadas da súa matrícula despois do recoñecemento dos estudos que tiña cursados na UNED.

Dende a Unidade de Xestión Académica xustificaban o seguinte:

- A alumna foi admitida por Resolución do 31 de agosto de 2021 para continuar os estudos de Grao que iniciara na UNED. Esta titulación ten cota de prazas para a continuación de estudos iniciados noutra universidade, facendo unha matrícula provisional o día 6 de setembro de 2021 en 60 ECTS do primeiro curso.

.../

- Por Resolución Reitoral do 22 de febreiro de 2022 recoñécense os créditos de formación básica, de acordo co informe da Comisión de Validacións da Facultade, e infórmase das materias de formación básica que terá que cursar para completar os 60 ECTS deste tipo. Nesta Resolución, concédese un prazo de 10 días para modificar a súa matrícula, coas limitacións que establece a convocatoria de matrícula do curso académico 2021/22.
- No apartado 9.4 da convocatoria de matrícula, sobre solicitudes de adaptación, validación e recoñecemento presentadas no prazo ordinario de matrícula do segundo semestre, establécese que *“o alumno terá dereito a modificar a matrícula das materias do segundo semestre no prazo que se estableza en cada resolución respecto das solicitudes de recoñecemento e validación presentadas no prazo establecido no Anexo I para o segundo semestre”*. No apartado 9.6.3., sobre ampliación e modificación de matrícula no segundo semestre en ensinanza de grao e máster, régulase o seguinte:

“Poderá modificarse a matrícula engadindo ou substituíndo materias de acordo co seguinte:

- **Ampliación de materias.** - *Só se poderá ampliar a matrícula en materias de 2º semestre, calquera que sexa o carácter das mesmas.*
- **Substitución de materias.** - *Poderanse substituír soamente materias do 2º semestre nas que estea matriculado por outras do 2º semestre de calquera carácter.”*
- En aplicación do regulado na convocatoria de matrícula, non procede a devolución do importe da matrícula das materias de formación básica do 1º semestre por terse prestados os servizos académicos derivados da matrícula destas materias (dereito a recibir a docencia, asistencia a clase e actividades académicas e avaliación).
- O artigo 64 da convocatoria de matrícula para o curso académico 2021/22 establece para a devolución de prezos: *“Non procederá a devolución de prezos, salvo cando o alumno acredite a concesión dalgunha exención establecida nesta convocatoria, nos casos de anulacións dentro dos prazos establecidos ou cando o motivo da anulación sexa imputable á Universidade. A Secretaría Xeral poderá autorizar a devolución de prezos por anulación de matrícula nos casos nos que se aprecien circunstancias que o xustifiquen.”*
- A lei 6/2003, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, dispón no artigo 48 sobre aplicación de prezos públicos o seguinte:

8. Cando por causas non imputables ao obrigado ao pagamento do prezo non se realice a actividade ou non se preste o servizo, procederá a devolución do importe que corresponda.

- Neste caso, a alumna tiña a obriga de cursar as materias de formación básica do 1º semestre, de acordo coa Resolución Reitoral do 25 de outubro de 2021, segundo os créditos que acreditou e que se lle recoñeceron no prazo xeral de solicitudes. Non foi ata o 2º prazo de solicitudes do segundo semestre que a alumna solicita o recoñecemento da materia de formación básica superada na UNED na convocatoria de setembro, cando xa se prestaran os servizos académicos derivados da matrícula das 2 materias de formación básica do 1º semestre.
- Non obstante o anterior, se a alumna considera que ten dereito á devolución do importe da matrícula desas materias, pode facer unha solicitude en vía administrativa e, no caso de non ser estimada, presentar os recursos que procedan, en aplicación do regulado na Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así pois, indicóuselle que no seu caso concreto debería presentar unha solicitude de devolución dirixida á Sra. secretaria Xeral explicando as especiais circunstancias que a poden xustificar.

Por outra banda, dende esta Institución deuse traslado da presente queixa á Secretaría Xeral para que se analizara a posibilidade de atender a solicitude da alumna e realizar actuacións na procura de que situacións análogas non se reproduzan nun futuro.

Q 2204/02

Foi presentado un escrito por un alumno en relación co procedemento de adxudicación de prazas no programa Erasmus+, a xestión das vacantes e a inexistencia dunha lista de agarda para cubrir as mesmas.

Recibiuse o seguinte informe xustificativo no que a Sra. vicerreitora de Titulacións e Internacionalización da USC indicaba o número de vacantes e a imposibilidade de creación dunha lista de agarda, expoñendo o seguinte:

O proceso de selección de estudantes do programa Erasmus+ (apartados quinto e sexto da convocatoria) resúmese do seguinte xeito:

- (vii) O persoal da Oficina realiza a primeira fase de elixibilidade das persoas candidatas para descartar aquelas que non cumpren os requisitos para poderen participar na convocatoria (base quinta). Transcorridos os 5 días de prazo de emenda recollidos na convocatoria, publícase a listaxe definitiva de persoas candidatas admitidas e excluídas.
- (viii) Nunha segunda fase (base sexta), cada centro realiza a asignación de destinos por medio dun procedemento público de concorrencia competitiva, de acordo cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.
- (ix) A continuación, as comisións dos centros publican as listaxes provisórias de asignación de destinos, abríndose un prazo para posibles reclamacións.

- (x) Unha vez rematado ese prazo, as listas de cada centro adquiren a condición de definitivas e son remitidas á Oficina. Esas listas non admiten posteriores cambios nos destinos (apartado 6.4 da convocatoria).
- (xi) Recibidas na Oficina as listas definitivas de todos os centros, a Vicerreitoría con competencias en mobilidade pública unha proposta global e definitiva do estudantado seleccionado e dos seus destinos.

O día 2 de febreiro trasladóuselle ao alumnado solicitante a listaxe de solicitudes en orde de prelación (fases (ii) e (iii) do proceso de selección). Nesta listaxe o reclamante figuraba no posto número 150 de 190. Dado que o número de prazas de mobilidade saínte para o Grao é de 72, enténdese que as persoas solicitantes entre os postos números 73 e 190 desta listaxe serían suplentes.

No período de 5 días hábiles para reclamacións e renuncias (fase (iii) *supra*), producíronse 5 renuncias. Como consecuencia das devanditas renuncias, procedeuse a chamar as seguintes persoas solicitantes por orde de prelación, de xeito que quedaron cubertas o total das 72 prazas ofertadas para o Grao.

A listaxe definitiva foi remitida á Oficina (fase (iv) do proceso de selección). Segundo se fai constar no apartado 6.4 da convocatoria, estas listas non admiten cambios, polo que en caso de producirse renuncias *a posteriori*, esas prazas quedan vacantes..../

En canto á posibilidade de aplicar “un sistema alternativo que permita que non se perdan as prazas vacantes por renuncia”, cómpre sinalar que o sistema actual xa contempla a posibilidade de cobertura das prazas que quedan vacantes na fase (iii) do procedemento arriba indicado. De feito, nese Grao producíronse 5 renuncias nesa fase e esas 5 prazas foron adxudicadas. Resulta inviable, non obstante, realizar unha nova adxudicación de prazas cando se producen renuncias á adxudicación definitiva (fase (iv) *supra*) polos seguintes motivos:

- (i) A adxudicación das prazas vacantes ás persoas suplentes vulneraría os principios de igualdade, mérito e capacidade mencionados no apartado (ii) arriba, dado que unha persoa suplente podería acceder a unha praza que non estaba dispoñible no momento da escolla para solicitantes cunha cualificación media máis alta.
- (ii) A oferta de prazas nese momento do proceso implicaría, por tanto, iniciar o procedemento de adxudicación *ex novo* cada vez que se produce unha renuncia, o que faría absolutamente imposible rematar o proceso de selección en tempo e forma.”

Q 2204/03

Escrito presentado por unha alumna expoñendo que por motivos de saúde quería dar de baixa da súa matrícula dúas materias das que estaba obrigada a efectuar a matrícula por telas suspendido no primeiro curso do Grao.

A problemática foi posta en coñecemento da Secretaría Xeral, que informou da aplicación correcta da normativa, polo que se lle indicou á alumna que a única alternativa sería acudir á vía xudicial, se o considera oportuno, pois na Universidade non ía obter unha resposta favorable.

Q 2204/04

Foi presentado un escrito por unha profesora, motivado polo proceso de escolla de proxectos efectuado dende a USC para participar na Convocatoria do programa “*O teu Xacobeo*” da Xunta de Galicia.

Recibiuse o informe solicitado, no que o Sr. vicerreitor de Política Científica xustificaba o seguinte:

1. “Que a convocatoria publicada por Resolución do 10 de marzo de 2022 (DOG 52 do 16/03/2022) no seu artigo 4, referido ás persoas beneficiarias recolle que non se permitirá a presentación de máis dun proxecto por solicitante.
2. Que na liña 2 do artigo 4 se recollen como persoas beneficiarias ás entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro.
3. Que a Universidade de Santiago de Compostela cumpre este requisito e que, tratándose da solicitude dun proxecto de investigación, é a institución a través da Vicerreitoría de Política Científica a que realizou a presentación dunha única proposta nesta convocatoria escollendo de xeito extremadamente rigoroso o proxecto que se presenta.
4. Que a USC dispoñía de dous proxectos para optar á subvención que foron valorados tendo en conta diferentes criterios:
 - a. a súa calidade
 - b. o seu orzamento
 - c. a visibilidade da USC no desenvolvemento das accións propostas
 - d. as posibilidades de concesión do proxecto presentado tendo en conta as bases da convocatoria e que a mesma é de concorrencia competitiva
5. Que os proxectos presentados son de alta calidade con participantes con grande grao de experiencia nos seus ámbitos encaixando ambos no ámbito da convocatoria de patrimonio e pensamento.
6. Que aínda tendo en conta a alta valoración dos proxectos presentados, a USC só ten permitido presentar un deles nesta convocatoria e esta selección, non só precisa ter en conta tódolos criterios de calidade indicados, senón valorar tamén a solicitude que pode ter maiores posibilidades de éxito.
Por todo o sinalado anteriormente, e insistindo na alta calidade da súa proposta, o proxecto desa profesora non foi seleccionado para a presentación nesta convocatoria.”

Q 2204/05

Foi presentado un escrito por alumnado dun centro respecto a aspectos da docencia en dúas materias, na que se indica que non se imparte docencia presencial nas clases expositivas; e por outra banda, que noutra materia o profesor encargado da docencia incumpre sistematicamente o horario chegando todos os días con demora á clase.

Dos informes solicitados ao decanato do centro despréndese que:

- as sesións expositivas impártense por videoaulas no Campus Virtual, trala preceptiva aprobación do Consello de Departamento e Xunta de Facultade, en función da aplicación do método didáctico "aula invertida" segundo se recolle no apartado "Metodoloxía de ensinanza" da programación oficial. Debido ao número de matriculados, o corpo docente considerou máis efectivo reducir o número de estudantes por grupos nas sesións interactivas, de forma que o alumnado está redistribuído en 9 grupos interactivos (3 dos ex-expositivos + 6 dos xa previstos interactivos). A redución da ratio é de 47.6 a 31.7 estudantes por grupos, cunha media real de aproximadamente 20 estudantes por cada un dos 9 grupos interactivos, dedicados, en boa parte, á aclaración das dúbidas das aulas expositivas videogravadas. Este método permite acadar mellores resultados docentes, así como de avaliación do alumnado. Con todo e cara ao próximo curso, prevese volver a unha docencia presencial (100 %).
- O profesor manifestou que nunca recibira unha queixa neste sentido, o que confirmou despois de consultar ao grupo da materia. Lembrou un retraso duns quince minutos no día 23 de marzo, debido a un corte de tránsito realizado por empresarios do transporte, indicando ter pedido desculpas no inicio da aula e explicar o motivo do atraso.
Igualmente, reitera o seu pedido de desculpas ás persoas afectadas e confía en que a súa falta de puntualidade non se repita, manifestando plena consciencia das súas obrigacións docentes e estar á disposición do Valedor e das autoridades académicas do centro para todo o que for preciso.”

Q 2204/06

Foi presentado un escrito por un alumno de doutoramento motivado por non figurar na resolución provisional nas listaxes de admitidos e excluídos das bolsas predoutorais da Xunta 2022 despois de ter presentado a solicitude correctamente en tempo e forma.

No informe solicitado o Sr. vicerreitor de Política Científica da USC xustificaba o seguinte:

INFORMASE

1. Que a Vicerreitoría de Política Científica realiza unha labor de difusión especialmente intensa vinculada ás convocatorias predoutorais e posdoutorais da Xunta de Galicia debido á súa especial complexidade técnica. No caso da convocatoria que nos ocupa esta difusión complementábase cunha xuntanza presencial e por teams na que se comentan todas as peculiaridades da mesma e elabóranse guías informativas e titoriais do uso das sedes electrónicas que se poden atopar no seguinte enlace da Vicerreitoría
<https://imaisd.usc.es/guiaconvocatorias.asp?i=gl&s=-2-26-31-55&id=4785&t=9&st=0>

2. Que nesta convocatoria a entidade solicitante é a USC e non os interesados polo que, previamente á presentación da solicitude é imprescindible que as persoas interesadas na presentación dunha solicitude comuniquen o seu interese en participar á Área de Xestión antes dunha data determinada co fin de evitar problemas na presentación da documentación A data límite que a Universidade estableceu este ano foi o **13 de febreiro do 2022** tal e como se indicaba na guía da convocatoria.

*“Co fin de poder garantir a presentación de todas as solicitudes na data de finalización do prazo establecido pola Xunta de Galicia (28/02/2022) é imprescindible que toda a documentación necesaria para a presentación da solicitude estea subida na Sede Electrónica da Xunta de Galicia antes da data do 23 de febreiro de 2022 e sexa compartida a súa solicitude, a partir das cales a USC **non poderá garantir a presentación das solicitudes en prazo**: É imprescindible por parte das persoas candidatas que realicen a súa declaración de interese, de non ser así a USC non se compromete a presentar a solicitude de dita persoa candidata. **13 de febreiro de 2022**”*

3. Que o interesado non comunicou á Vicerreitoría de Política Científica a súa intención de participar na Convocatoria de Axudas Predoutorais da Xunta nin dentro do prazo indicado na nosa guía da convocatoria nin en ningún momento previo ao remate do prazo de presentación de solicitudes desta convocatoria.
4. Que o interesado compartiu o seu borrador de solicitude fora do prazo indicado na guía da convocatoria pero antes da data de remate sen comunicar á Área a súa intención de presentarse a esta convocatoria.
5. Que a súa solicitude non apareceu compartida na parte da sede da Universidade de Santiago no momento en que o interesado realizou o proceso de compartir solicitude polo que non se detectou na Área.
6. Que ao non comunicar o interesado a súa intención de presentarse nesta convocatoria e ao non comunicar á Área que tiña realizada e compartida unha solicitude non foi posible contactar coa Xunta de Galicia para rastrexar a documentación.
7. Que o interesado así como a Área da USC púxose en contacto cos xestores da Sede electrónica da Xunta de Galicia e indican que non atopan problemas técnicos na xestión da Sede.

Tendo en conta o anteriormente indicado, non é posible por parte da Universidade presentar unha alegación ás listaxes de admitidos e excluídos xa que non cumpre os requisitos necesarios para que a mesma sexa tomada en consideración.”

Q 2205/01

Foi presentado un escrito por unha usuaria da Biblioteca Universitaria manifestando a súa discrepancia cos requisitos técnicos informáticos necesarios para acceder ao catálogo Iacobus, ao imposibilitarse o acceso cos navegadores máis populares.

No informe solicitado, a Sra. directora da Biblioteca Universitaria xustificaba o seguinte:

- “1. O día 9 de febreiro do ano en curso detectamos un grave problema de acceso aos servizos en liña da biblioteca desde o catálogo web. Isto foi posto inmediatamente en coñecemento da Área TIC.
 2. De forma resumida, o problema é que cos principais navegadores web non é posible acceder ao catálogo web da BUSC nin é posible loguearse para reservar un libro ou renovar un préstamo, tal e como a persoa que presentou o escrito sinala. No momento actual é posible empregar o navegador Edge, ademais de Safari, pero levamos desde o mes de febreiro traballando para atopar unha solución que permita empregar calquera navegador.
 3. A solución atopada implica unha serie de desenvolvementos técnicos e de cambios nos servidores que se van a levar a cabo de xeito efectivo a partir da segunda semana de maio.
 4. Desde o momento da detección do problema, e sendo conscientes da envergadura tecnolóxica da solución proposta e do tempo que ía levar implementala, na BUSC decidimos, como medida complementaria e transitoria, informar nas nosas canles habituais (páxina web e redes sociais) da existencia deste problema e ofrecer unha alternativa desde as bibliotecas para realizar as xestións.
 5. Do escrito non se deduce que a persoa contactara coa biblioteca directamente, so co CAU. En todo caso, tal e como indico no parágrafo anterior, mentres non estea totalmente arranxado o problema, a persoa pode dirixirse a calquera das bibliotecas da USC onde lle facilitaremos a reserva de exemplares ou a renovación dos préstamos. “
- <https://www.usc.gal/gl/servizos/biblioteca/problemas-iacobus.html>

Q 2205/02

Foi presentado un escrito por un usuario do *Taboleiro de Anuncios da USC* manifestando que durante un mes intentou retirar un anuncio que tiña publicado en dito taboleiro sen éxito, ao non existir un proceso establecido a tal efecto.

Recibido o informe solicitado, o Sr. responsable do Gabinete de Comunicación da USC indicaba o seguinte:

“SOBRE O PROCESO

Actualmente, o proceso de publicación de anuncios comeza cubrindo un formulario na web. O texto proposto precisa dunha verificación manual/autorización para asegurarnos de que non se publiquen mensaxes aberrantes, ofensivas, groseiras, insultantes,... Realízase diariamente en horario laboral ordinario coa maior celeridade e en función do volume de contidos do día.

Nos últimos anos o número de solicitudes anuais de eliminación de anuncios, proceso igualmente manual para tratar de verificar que a persoa que solicita a eliminación é a mesma que a realizou a solicitude de inserción, é moi baixo, (menos de 10 solicitudes anuais) e tense realizado sempre coa maior celeridade e sen ningún tipo de problemas ou incidencia coas persoas usuarias.

Na actualidade, o sistema de publicación no taboleiro non permite que as persoas usuarias eliminen directamente os anuncios. Para facelo, sería preciso realizar modificacións na web. Ao non existir ese dispositivo, de atendermos ao procedemento que se fai constar na [Política de Privacidade e Protección de Datos](#) que as persoas usuarias aceptan ao enviar as súas

mensaxes, o procedemento para a eliminación dos datos publicados debería realizarse a través de sede electrónica.

PROPOSTA DE MELLORA

Non obstante, comentada esta queixa coa Oficina Web, dado que se trata de procesos técnicos nos que mediamos pero non temos posibilidade directa de xestión, vanse avaliar alternativas que permitan á persoa que inicia o proceso concluílo en calquera momento. Para iso será necesario introducir mecanismos informáticos cuxa implantación podería ser efectiva nos vindeiros meses (non antes de xullo). Estes prazos están motivados polo feito de que as actualizacións da web realízanse en lotes dada a magnitude da ferramenta de xestión de contidos dun portal como o da Universidade de Santiago.”

Á vista do exposto anteriormente e resolta a incidencia, comunicóuselle que se remataba a tramitación da presente queixa.

Q 2205/03

Foi presentado un escrito por un alumno motivado pola demora no pagamento das *Bolsas Santander Estudios /Progreso*.

Solicitada a oportuna información ao respecto dende o Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado indican que a demora tense producido pola confluencia temporal de distintos acontecementos: a renovación da sinatura do convenio USC-Santander e por determinados procesos internos da universidade: proceso electoral e renovación de cargos, así como a elaboración do novo presuposto da USC. Asemade indican que remataron todos os trámites administrativos e que o pagamento da bolsa se producirá nun breve espazo de tempo.

Á vista do exposto anteriormente e resolta a incidencia, comunícaselle o remate da tramitación da queixa.

Q 2205/04

Queixa presentada por un estudante dun Máster Universitario no que se detallaban distintos feitos polos que presuntamente se incumpre a guía docente dunha materia.

Deuse traslado da mesma á Sra. coordinadora do Máster, quen remitiu o informe elaborado pola profesora da materia, no que se indica:

- “No relativo á docencia, cabe sinalar que se suspenderon varias clases por baixa médica do profesorado, avisando a través das canles oficiais.
- No relativo a avaliación, seguiu-se o que estipula a guía docente: proba obxectiva 70% da avaliación (sen que se indique se este é virtual ou presencial) e 30% correspondente á docencia interactiva (traballo realizado durante a docencia interactiva).

- O exame realizouse a través do campus virtual, previo aviso ó alumnado, en data e hora establecida no calendario oficial. Tal e como se expoñía na información previa da proba, no campus virtual, o exame daba comezo ás 16 horas e tiña unha duración de 10 minutos, polo que, pasado este tempo, a plataforma non dou acceso. “

Consultada a guía docente da materia obsérvase que no apartado correspondente ao *Sistema de Avaliación* recóllese o seguinte:

“Exame final, 70% da cualificación. Nesta proba é necesario co alumnado obteña o 50% da puntuación total do exame para poder compensar esta puntuación coa obtida no apartado anterior (casos, participación, exposicións...).

ESCENARIO1: Normalidade adaptada

As probas finais terán carácter presencial.”

Considerado o exposto no anterior informe, deuse por rematada a tramitación da presente queixa.

Q 2206/01

Escrito presentado por unha alumna e referido á información/comunicación que ten recibido sobre os prazos no Sistema Universitario de Residencias e o anticipo da data na que deben abandonar a Residencia.

Solicitado informe ao respecto, a Sra. xefa do Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado xustifica o seguinte:

“.../infórmolle que efectivamente houbo un problema no traslado da información na necesidade de que os/as residentes do curso solicitaran os días 1 a 4 de xuño pola convocatoria de verán.

Na convocatoria xeral do SUR efectivamente consta que a estancia será ata o 4 de xuño. O feito de pedirles que o solicitaran non ía acompañado co pagamento deses días no caso de que xa o tiveran feito, como ocorre con esta residente por ser bolseira. Pero si era necesario para saber a ocupación e pasarlle o recibo só a aquelas persoas que permaneceran no seu centro e non os tiveran abonado previamente.

Darlle as miñas desculpas polo malentendido, froito dun traslado confuso da información.”

Q 2206/02

Foi presentado un escrito por doce estudantes dun Grao motivado polo sistema de avaliación dunha materia.

O informe da Sra. decana da Facultade indicaba o seguinte:

“Seguindo as indicacións da “RESOLUCIÓN do 15 de xuño de 2011 pola que se publica a Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións, aprobada non Consello de Goberno do 15 de xuño de 2011.” constitúise a Comisión de Reclamación formada polos/as docentes, coa presenza dunha alumna. Reunida a comisión os días 04/07/2022 e 27/07/2022, decide, unha vez analizadas as reclamacións en base ao artigo 9.4.g que di “A comisión, unha vez analizada a reclamación, poderá acordar algunha das seguintes actuacións: ratificar a cualificación outorgada polo profesor; modificar a cualificación e outorgar a que corresponda; ou proceder a realizar unha nova proba nos casos indicados non parágrafo anterior”, á realización dunha nova proba de avaliacións ao alumnado reclamante como substituto a primeira oportunidade, o que levou á solución do problema reflectido.”

Q 2206/03

Foi presentado un escrito por unha estudante motivado pola non devolución dos prezos públicos de matrícula de materias do primeiro cuadrimestre das que se matriculou obrigatoriamente e que foron recoñecidas no 2º cuadrimestre polas que tiña cursadas na UNED. A alumna indica que cursou estudos na UNED, examinándose de dúas materias na oportunidade de setembro polo que non puido solicitar o seu recoñecemento na USC ata o segundo cuadrimestre. Unha das materias foille recoñecida inicialmente e devoltos os prezos públicos de matrícula. A outra materia foille recoñecida con posterioridade logo de resolver favorablemente con data 05/05/2022 o recurso de reposición que tiña interposto.

Por iso, deuse traslado da presente queixa á Secretaría Xeral para que se analice a posibilidade de:

- atender á devolución de prezos públicos da materia, xa que o feito de que as materias lle sexan recoñecidas no segundo cuadrimestre non é por causas imputables á alumna, senón en virtude do calendario de probas en setembro e entrega de actas da UNED (universidade de orixe), que imposibilita que a alumna poida solicitar na USC o recoñecemento desas materias no primeiro cuadrimestre e neste caso agravado pola tramitación do recurso de reposición.
- realizar actuacións ou modificacións normativas na procura de que situacións análogas á descrita nesta queixa, así como á que lle teño remitido con anterioridade pola mesma temática (Q2204/01), non se reproduzan nun futuro.

Con posterioridade recibíuse da Secretaría Xeral da USC unha comunicación na que se expoñía o seguinte:

“.../-Para evitar no futuro situacións semellantes e dado que tampouco se trata dunha cuestión imputable ao alumnado, procedeuse a modificar a convocatoria de matrícula do curso 2022/2023 coa finalidade de recoller a posibilidade de devolución de prezos públicos no caso de recoñecementos de estudos presentados fóra dos prazos establecidos, engadindo o seguinte parágrafo no punto 9.4 da convocatoria de matrícula:

Sempre que a solicitude de recoñecementos se realice dentro do prazo establecido no primeiro semestre, se o alumnado supera posteriormente a este prazo algunha materia na universidade de orixe na convocatoria extraordinaria de setembro, poderá facer unha solicitude complementaria fóra de prazo, sempre que se realice antes de finalizar o mes de outubro. Para isto será indispensable que presente unha certificación académica na que conste que a materia ou materias se superaron na convocatoria extraordinaria de setembro do ano en curso.”

Q 2206/04

Foi presentado por unha estudante un escrito en relación coa docencia e o proceso de avaliación dunha materia.

Do exposto no documento e á vista dos correos intercambiados entre a profesora e a alumna despréndese que poden existir certas actuacións non concordantes co establecido na guía docente da materia e na *Normativa de Avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións*: sistema de avaliación, proceso de revisión de cualificacións, titorías...

Por iso, doulle traslado da queixa á Sra. decana da Facultade para o seu coñecemento e co fin de que adopte as medidas que estime oportunas para que non se reproduzan, de ser o caso, situacións análogas no futuro.

A Sra. decana da Facultade con posterioridade comunicou o seguinte:

“Tomo nota de la queja presentada por la estudiante en relación con la docencia y el proceso de evaluación de la asignatura. Comprobaremos si las afirmaciones vertidas por la alumna son ciertas y adoptaremos en su caso las medidas oportunas.”

Q 2206/05 - Recomendación

Foi presentado un escrito nesta Institución por un estudante dun Máster Universitario motivado pola omisión na información publicada na web sobre dito Máster, do requisito indispensable de acreditar o coñecemento dun nivel B1 dunha lingua estranxeira para a formalización da matrícula, o que pode provocar confusión entre o alumnado que utiliza a páxina web como canle informativa.

Admitida a queixa a trámite e para evitar posibles interpretacións erróneas e eliminar a ambigüidade da información xeral sobre os Máster publicada na web recomendouse ao Sr. responsable do Gabinete do Reitor que:

- Se incorpore á información facilitada na web nas distintas especialidades do *Máster Universitario* o requisito indispensable, segundo se establece na Convocatoria de Matrícula:

“Deberán acreditar un nivel B1 de competencia lingüística nunha lingua estranxeira, de acordo co establecido no Marco Común Europeo de Referencia para as linguas segundo a Recomendación Nº R (98) 6 do Comité de Ministros de Estados Membros, do 17 de outubro de 2000. Esta acreditación deberá realizarse de xeito previo ou simultáneo á formalización da matrícula.”

A Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización da USC con posterioridade informou das actuacións levadas a cabo en relación coa recomendación efectuada por este valedor, indicando:

“En relación ao seu oficio do 16 de xuño coa referencia indicada arriba no que recomenda completar a información sobre o acceso ao Máster incorporando a obriga de acreditar o coñecemento dunha lingua estranxeira co nivel B1 do Marco Europeo para as Linguas de forma previa ou simultánea coa matrícula, infórmoo de que esta condición xa foi incorporada na web oficial da USC, dentro do apartado de Oferta e Admisión (Criterios de Acceso e Admisión) de todas as especialidades do máster.”

Q 2206/06

Recibiuse nesta Institución un escrito referido ás ameazas recibidas nunha rede social.

Infórmase que o mesmo non pode ser admitido a trámite como unha queixa porque a actuación do valedor circunscríbese ao ámbito universitario da Universidade de Santiago de Compostela, e os feitos descritos acontecen entre particulares sen implicación da USC.

Q 2206/07

Unha alumna da USC que cursou unha licenciatura en 1994 solicita que lle expidan unha certificación que acredite que os seus estudos cursados equivalen a un nivel C2 dunha lingua estranxeira, acreditación que necesita para presentarse a un proceso selectivo público.

Dáse traslado da problemática ao Centro para que analicen a posible equivalencia dos estudos solicitada pola interesada, dando como resultado a elaboración dun documento onde se fai constar a mesma.

Q 2206/08 - Recomendación

A partir dunha queixa presentada nesta institución e do manifestado nos informes requiridos decatámonos dun problema que ten a USC referido a un incumprimento da Ley de Protección de Datos.

Cando unha persoa acude a un Servizo para manifestar a necesidade específica de apoio educativo e solicitar adaptacións, unha vez comprobada a veracidade dos datos aportados, dende o servizo envíase aos diferentes profesores un escrito onde se comunica o problema/patoloxía/situación que ten a persoa, as dificultades académicas e as adaptacións que precisa.

Ao expor o problema ou a necesidade estanse a referir expresamente datos sobre a saúde, datos que están recoñecidos como especialmente sensibles e sobre os que se deben adoptar cautelas adicionais.

Así pois, cómpre aplicar o recollido nos artigos 5 e 6 do *Reglamento Europeo de Protección de Datos* e en consecuencia, de acordo co principio de minimización, empregar a proporcionalidade no uso de datos.

Por iso, recomendouse que para non incorrer en incumprimentos da Normativa, o escrito que dende o Servizo se manda ao profesorado só conteña as adaptacións necesarias omitindo calquera dato sobre a saúde desa persoa, de cuxa veracidade e garante o Servizo.

Con posterioridade a Sra. vicerreitora comunica o seguinte:

Infórmolle que nas últimas comunicacións aos docentes, xa se fixeron segundo nos indica no seu escrito Q 2206/08.

Q 2206/09

Foi presentado por un estudante dun Grao un escrito motivado polas molestias ocasionadas polas obras que se están a realizar na súa facultade, e que dificultan que o alumnado poida desenvolver os exames con normalidade.

Demos traslado da mesma á Sra. decana da Facultade para o seu coñecemento e coa finalidade de que adopte as medidas oportunas para minimizar, no posible, o impacto negativo de ditas obras.

Q 2207/01

Escrito presentado por unha integrante do P.A.S. e referido á denegación da súa solicitude de xubilación demorada.

En relación co mesmo informouse que, dado que ten dirixido un escrito análogo á Valedora do Pobo de Galicia, en aplicación do Convenio subscrito entre a Valedoría do Pobo e os Valedores Universitarios de Galicia, no que se recolle a mutua e recíproca colaboración na procura dunha maior axilidade e eficacia das xestións, remitímonos ao que acorde no seu ditame a Valedora do Pobo de Galicia. No entanto, comunicábaselle que a súa queixa sería rexistrada e figurará no informe anual que o Valedor presenta ante o Claustro Universitario.

Q 2207/02

Foi presentado un escrito por unha das denunciante dun presunto acoso sexual nunha Facultade. No mesmo solicita *“a intervención do Valedor para axilizar a resolución do expediente aberto por motivo de acoso reincidente contra un alumno.”*

Solicitada información ao respecto á Sra. delegada do Reitor para a Igualdade, comunica que foi presentada a denuncia o 2 de marzo de 2022 e remitida á Reitoría con data 8 de abril de 2022 a conclusión por parte da Comisión de que os feitos son constitutivos de acoso sexual.

Ditos prazos poñen de manifesto unha demora que non parece acaída nun proceso desta índole, que pode ocasionar prexuízos ás partes implicadas.

Por iso, deuse traslado da mesma á Secretaría Xeral co fin de que se fagan as xestións oportunas para a resolución definitiva do expediente, agradecendo que informe sobre as mesmas.

Q 2207/03 - Recomendación

Foi presentado un escrito por unha estudante dun Grao motivado pola simultaneidade dos exames oficiais en data e hora.

En relación co tema obxecto da queixa: a sincronía de data e hora en exames oficiais a *Normativa de Avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións no art. 1 Programación Docente* recolle o seguinte:

6. Na programación do calendario de exames evitárase que un estudante sexa convocado a probas oficiais de carácter global de distintas materias do mesmo curso nun prazo inferior a vinte e catro horas. En todo caso, terá dereito a que a realización das probas oficiais de carácter global correspondentes non lle coincidan en data e hora dentro do mesmo curso. Os centros deberán regular o procedemento para garantir o dereito do alumnado á non coincidencia das probas oficiais de materias correspondentes a cursos diferentes en día e hora

Por iso, enviouse ao Sr. decano da Facultade unha recomendación co fin que adoptara as medidas necesarias para garantir o dereito do alumnado á non coincidencia das probas oficiais en día e hora.

Q 2207/04

Alumno de doutorado que explicaba problemas de coordinación e supervisión co director da súa tese e que entorpecen o procedemento de finalización da mesma.

Dende a Dirección da EDIUS informan que contactan coa dirección da tese para dirimir o posible conflito.

Q 2207/05

Foi presentado un escrito por un estudante dun Grao motivado polo proceso de revisión do exame dunha materia.

O Sr. decano da Facultade, enviou un informe indicando as actuacións efectuadas:

“Respecto da reclamación solicitada, a comisión de revisión, constituída plenamente consonte á normativa vixente, ditaminou por unanimidade ratificar a nota concedida ao alumno.

No que atinxe ás queixas expresadas polo alumno respecto da atención recibida durante o procedemento de revisión do exame da mesma materia, o pasado 17 de outubro finalizaron as entrevistas que desde este decanato se practicaron individualmente co alumno e cos docentes responsables da materia.

As opinións recollidas revelan que as condicións de revisión da avaliación do alumno garantíronse e desenvolvéronse consonte á normativa vixente quedando claro que a interpretación que o alumno fixo da nota, baseada na comprensión equivocada dun valor do programa informático empregado na corrección, era incorrecta, fronte á nota da que foi informado a través da aplicación de actas que si se axustaba á cualificación final.

No que atinxe á confusión xerada a raíz do emprego do programa informático e o desenvolvemento da reunión de revisión, o coordinador da materia lamenta que algún comentario expresado durante ese encontro suscitara unha mala interpretación. Os

docentes sosteñen que a reunión se desenvolveu dentro do clima natural de discrepancia de opinións que propiciou o encontro, pero aseguran que mantiveron as debidas garantías de atención e respecto.

Considerando a orixe da discrepancia que dá lugar á reclamación, os docentes comprométense a reforzar a explicación do sistema de avaliación e a comunicar con maior claridade as condicións aplicadas. Igualmente, expresan as súas desculpas ao alumno por calquera comentario que se interpretara erroneamente ou que xerara unha comprensión incorrecta do manifestado.

O que subscribe solicitou aos docentes que melloren a comunicación ao alumnado do procedemento de avaliación e observen coa maior dilixencia as condicións nas que se debe atender ao alumnado de acordo cos maiores estándares de calidade.”

3.- CONCLUSIONES

Para este Valedor é unha satisfacción constatar, en xeral, o importante compromiso tanto dos órganos da universidade como dos membros da comunidade universitaria aos que lle foi solicitada a súa colaboración. Máis alá do establecido no artigo 11 do Estatuto do Valedor amosaron sempre unha actitude encomiable polo que é obrigado o meu recoñecemento.

Neste curso tivo lugar no claustro do 6 de maio a elección de novos integrantes da comisión de Asesoramento e Axuda ao Valedor. Quero agradecer ás antigas integrantes da comisión a súa dispoñibilidade e dedicación e sinalar o papel desenvolvido no funcionamento do Valedor da Comunidade Universitaria.

Un dos obxectivos desta Institución é que as accións emprendidas estean sempre presididas polo espírito de colaboración para tentar de solucionar ou mellorar os problemas e disfuncionalidades que se poidan detectar. A lectura das intervencións levadas a cabo ao longo deste curso permiten detectar algunhas situacións que pola súa incidencia deben ser destacadas para lembrar a necesidade de que pola USC se adopten as medidas correctoras que sexan precisas.

Neste curso fixéronse, por parte dos estamentos da Universidade, aínda que sobre todo por parte do estudantado, (76,47% das consultas) e a través de distintos medios, 68 consultas solicitando información e/ou axuda sobre diferentes cuestións que logo normalmente non remataron na presentación de queixas. Máis da metade delas versaron sobre aspectos relativos á docencia e avaliación e tamén a procedementos de xestión. 44 destas consultas tiveron que ver con estes dous temas, é dicir, o 64,71%.

En canto as queixas recibidas, presentáronse un total de 55. Destas, houbo 5 que non foron admitidas a trámite ben por non apreciarse nelas ningunha conculcación de dereitos de algún membro da comunidade universitaria, por desbordar as competencias do Valedor ou por estar fóra do seu ámbito de actuación.

Na páxina 51 desta memoria preséntase, seguindo o procedemento de memorias anteriores, unha táboa coas queixas recibidas, categorizadas por temas. Esta é unha categorización estándar empregada en moitas das Defensorías universitarias. Porén é necesario salientar que esta distribución é complexa e relativamente arbitraria no sentido de que unha queixa podería incluírse en máis dun tema.

Así pois o que se pretende con esta táboa é proporcionar unha visión xeral dos temas das queixas, máis ca unha visión detallada para o que é imprescindible analizar as queixas de xeito particular.

Como se pode observar hai 4 temas que abranguen unha boa parte das queixas presentadas e que supoñen preto do 60% (58,18%). De xeito moi resumido os temas indicados por orde de frecuencia son os que seguen:

1.- Docencia e avaliación académica. Un curso máis, aparece manifestada a incidencia de temas relacionados con cuestións docentes e avaliación, reflectida na frecuencia das queixas e sobre todo no número de consultas que se fan (aínda que logo non se traduzan en queixas).

No referido á cuestión docente presentáronse seis queixas que teñen que ver con aspectos moi diferentes como cambios ou redución de horarios, problemas co desenvolvemento de prácticas ou incumprimentos do establecido nas guías docentes. Polo que atinxe ao tema de avaliación (cinco queixas) é de destacar a problemática referida ao procedemento de revisión que se recolle en catro queixas. Seguen pendentes de abordar as situacións anómalas derivadas da imposibilidade de asistencia aos exames por problemas de saúde, a este respecto é preciso sinalar que a súa solución implica importantes cambios normativos.

2.- Procedementos administrativos. Nesta categoría aparecen recollidos todo tipo de procedementos relacionados con distintas instancias o que fai que sexa unha categoría moi ampla polo que é preciso relativizala. Non obstante este curso aparece como tema recorrente a devolución de prezos de matrícula solicitada por diferentes causas, por exemplo anulacións ou recoñecementos. Outros temas relaciónanse con cambios de quenda, solicitude de certificacións ou procedementos de escolla de proxectos.

3.- Bolsas e axudas. Baixo este epígrafe aparecen recollidas queixas que reflicten certa problemática relacionada fundamentalmente con problemas de demoras no pagamento das axudas “*Margarita Salas para a formación de novos doutores*” e bolsas “*Santander Estudios/Progreso*”. En menor medida algunha queixa relativa as bolsas predoutorais, bolsas de colaboración ou axudas “*María Zambrano*”.

4.- Máster e doutoramento. Nas queixas agrupadas neste ámbito non se observa ningún aspecto concreto onde se poidan apreciar disfuncionalidades, dado que, en xeral, fan referencia a cuestión máis ben puntuais, que sen dúbida precisan corrixirse, pero que non son xeneralizables. Dúas queixas teñen que ver con falta de atención e incumprimento de requisitos nos programas de doutoramento. Polo que se refire aos másteres, presentáronse catro queixas, todas elas circunscritas a un máster, sendo a temática destas queixas moi variable.

No texto co termo “*Recomendación*” que segue ao número de queixa aparecen sinaladas as 10 recomendacións que se fixeron neste curso aos responsables de diferentes instancias. Foron aceptadas 9 das recomendacións. Por outra parte, todas as recomendacións derivaron dalgunha queixa específica presentada na oficina do Valedor. En 8 casos xa se rematou o procedemento.

Por último dende a perspectiva institucional, a USC, como ven sendo habitual, participou na Conferencia Estatal de Defensores Universitarios (CEDU), foro que permite a colaboración, prestación de axudas, elaboración de documentos..., en definitiva a coordinación dos defensores para prestar un mellor servizo á comunidade.

O Valedor asistiu no mes de novembro do 2021 ao XXIII Encontro Estatal de Defensores Universitarios organizado pola Defensoría da Universidad de Cádiz no que se trataron os seguintes temas:

A mediación.

Respecto mutuo na xestión das recomendacións

Retos e posibilidades da nova presencialidade na universidade

En maio de 2022, participouse nunha xornada técnica organizada pola Defensoría da Universidade de Alcalá que tivo lugar nesta cidade na que se traballou por parte dos defensores o tema de *“Medidas efectivas de acceso de persoas con discapacidade no PDI”* e o tema de *“Tácticas e técnicas na recepción de queixas nas defensorías”* por parte do persoal das secretarías.

Como membro da Comisión Executiva da Rede Iberoamericana de Defensores Universitarios (RIIdDU), o Valedor participou en tres reunións de dita comisión celebradas por cuestión de heteroxeneidade xeográfica de xeito telemático.



Mantivéronse tamén diversas reunións e contactos na Rede de Defensores Universitarios Galegos (REDUGA), foro onde se analizan e discuten problemas que afectan máis especificamente ao conxunto do sistema universitario galego.

Para rematar, sinalar que dado que certas queixas se presentan simultaneamente ante os Valedores Universitarios e ante a Valedora do Pobo, ou porque as suxestións ou recomendacións que se fan teñen como destinatarios axencias alleas ás Universidades, mantivéronse diversos contactos coa institución autonómica en función do convenio de colaboración asinado no 2014.

4.- REFERENCIAS ESTADÍSTICAS

QUEIXAS POR SECTORES:



Nº. de queixas	55
Estudantes:	41
P.D.I.:	6
P.A.S.:	4
Outros	4



ENTRADA MENSUAL DAS QUEIXAS


MES	Curso 20/21	Curso 21/22
Setembro	16	10
Outubro	11	9
Novembro	12	3
Decembro	9	1
Xaneiro	7	1
Febreiro	5	4
Marzo	2	2
Abril	4	6
Maio	6	5
Xuño	5	9
Xullo	2	5
Agosto	0	0
Total curso	79	55

nº de queixas por curso



PRAZOS DE TRAMITACIÓN DAS QUEIXAS

Total queixas	55	
Prazo tramitación	nº de queixas	porcentaxe
1 Mes:	39	⇒71%
2 Meses:	3	⇒ 6%
3 Meses:	3	⇒ 5%
> 3 Meses:	10	⇒18%



DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS POR TEMAS

TEMA	Nº. QUEIXAS PRESENTADAS
PLANOS DE ESTUDO E RECOÑECEMENTOS	3
DOCENCIA E AVALIACIÓN ACADÉMICA	11
PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS	9
MÁSTER E DOUTORAMENTO	6
SERVIZOS Á COMUNIDADE UNIVERSITARIA	2
BOLSAS-AXUDAS	6
ÁMBITO LABORAL	2
OUTROS	5
ACCESO INFORMACIÓN	2
INTERCAMBIO	1
RELACIÓN INTERPERSOAL	1
ACCESO Á UNIVERSIDADE	2
LEI DE PROTECCIÓN DE DATOS	1
PROCESOS SELECTIVOS-PROVISIÓN PERSOAL	2
PROBLEMAS DERIVADOS DA COVID-19	2

